

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ESTUDANTADO

REÚNENSE

Dunha banda, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no Diario Oficial de Galicia nº 38, do 22 de febreiro.

Doutra, don José Antonio Campo Andiñ, director do Instituto Galego de Estatística, nomeado segundo o Decreto 295/2009, do 14 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 94, do 15 de maio, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 41 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o artigo 15 do Estatuto do Instituto Galego de Estatística, aprobado polo Decreto 60/2016, do 26 de maio, e publicado no Diario Oficial de Galicia nº 108, do 8 de xuño.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN

1. Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado universitario e a súa futura inserción laboral.
2. Que entre as tarefas encomendadas ao Instituto Galego de Estatística nos plans anuais de actuación previstos no seu Estatuto figuran as prácticas do alumnado universitario. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuación complementaria das reguladas na Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.
3. Que con estes fins acordan establecer un convenio de cooperación educativa coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é fixar os mecanismos de cooperación entre as partes para establecer un programa de prácticas académicas externas no Instituto Galego de Estatística (en diante IGE) dirixidas ás persoas estudantes da Universidade de Vigo (en diante UVIGO), para promover o seu desenvolvemento profesional e facilitarlles o acceso ao mundo laboral.



Segunda. Obrigas das partes

Mentres este convenio estea vixente, o IGE estará na disposición de acoller estudantes da UVIGO para realizar prácticas académicas externas. As condicións de cada praza de prácticas recolleranse no documento que se anexa ao presente convenio, no que figurarán os datos da persoa estudante, a duración, a modalidade, o lugar onde se van a realizaras prácticas e o proxecto formativo. Por parte da UVIGO asinará este anexo a persoa responsable de prácticas do centro universitario, da titulación de mestrado ou a persoa titora académica. Por parte do IGE asinarao a persoa que este designe como titora.

A UVIGO, a través dos seus centros docentes ou das propias comisións de mestrados, designará unha persoa titora académica para cada estudante en prácticas. Pola súa parte, o IGE designará tamén unha persoa coa experiencia profesional e os coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. As persoas titoras do IGE serán quen de comunicar e de facer o seguimento de calquera incidencia que ocorra durante as prácticas. A UVIGO, a través dos seus centros docentes ou das propias comisións de mestrados, outorgaranlle á persoa designada polo IGE como titora a certificación na que se recoñeza a tarefa realizada.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinará a comisión paritaria de seguimento do convenio prevista na cláusula novena, sen que poida ser inferior a unha por convocatoria, nin superior ás que o IGE poida asumir en función dos seus recursos materiais e de persoal.

Terceira. Relación entre o estudantado e o IGE

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización por parte do alumnado no IGE non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dos postos de traballo. Pola súa parte, o estudantado comprometerase a gardar o segredo profesional no referido aos traballos obxecto das prácticas e non poderá, en ningún caso, asinar informes, ditames ou similares.

Cuarta. Duración das prácticas

As prácticas académicas externas curriculares terán como duración máxima a correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. A duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora non poderá exceder os 30 créditos ECTS ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/crédito (750 horas).

Quinta. Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice



prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o estudantado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimiladas a traballadores/as por conta allea no réxime xeral.

Por tratarse de prácticas curriculares non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será da UVIGO.

Sexta. Cobertura de seguros

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola UVIGO.

Sétima. Remuneracións

As prácticas desenvolvidas en aplicación deste convenio son prácticas curriculares non remuneradas e non supoñen ningún custe económico para o IGE.

Oitava. Protección de datos

As partes manifestan coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a usar correctamente os datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril. Con respecto aos datos de carácter persoal, as partes comprométense a:

- a) Tratalos coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- b) Que non sexan obxecto de ningún tratamento distinto dos previstos no convenio.
- c) Que non se cedan a terceiros, agás nos casos nos que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social do IGE.

O IGE adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da

UVIGO, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de dársele a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

A persoa estudante en prácticas tamén queda sometida a cumprir as normas sobre segredo estatístico da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e asinará o documento que figura como anexo ao convenio.

Novena. Resolución de conflitos

Créase unha comisión paritaria de seguimento do convenio integrada por unha persoa en representación da UVIGO e outra en representación do IGE. Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non se poidan resolver na comisión mixta someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

Décima. Normativa marco

En todo caso, as prácticas realizaranse conforme o regulamento aprobado para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas e o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. Así mesmo, na realización das prácticas deberanse respectar as normas sobre segredo estatístico, as das autoridades sanitarias en vigor, as esixencias preventivas de protección da saúde do estudantado e as resolucións das persoas titulares da reitoría da UVIGO e da dirección do IGE.

Undécima. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data da súa sinatura e terá unha duración de catro anos. Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Duodécima. Causas de resolución

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acorde a súa

prórroga.

- b) O transcurso do prazo máximo da vixencia do convenio, incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das persoas asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes do convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Décimo terceira. Publicidade

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. O convenio será inscrito no rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

Coa sinatura deste convenio queda derrogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o convenio na data da última sinatura electrónica.

O Reitor da Universidade de Vigo
Manuel Joaquín Reigosa Roger

O Director do Instituto Galego de Estatística
José Antonio Campo Andión



ANEXO I

ANEXO AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA (IGE) PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ALUMNADO**CURSO ACADÉMICO 202...../202....**

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no convenio e fan constar a seguinte información:

1. Modalidade: Prácticas curriculares non remuneradas

2. Persoa estudante

Nome e apelidos:

DNI:

Correo electrónico:

Teléfono:

Titulación e curso no que está matriculado/a:

3. Persoa titora académica

Nome e apelidos:

DNI:

4. Persoa titora do IGE

Nome e apelidos:

DNI:

5. Duración das prácticas: do ... /... /... ao ... /... /; nº total días:; horas/día:

6. Lugar onde se realizarán as prácticas: Sede do IGE. Complexo administrativo de San Lázaro. Santiago de Compostela

7. Proxecto formativo

--

O que asinan, por triplicado, en Santiago de Compostela, a de de 202..

Persoa responsable de prácticas/Persoa titora académica,	Persoa titora do IGE,	Estudiante,
Asinado:	Asinado:	Asinado:.....



ANEXO II

**COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE
INFORMACIÓN**

Eu,, con NIF/NIE, estudante da UVIGO, comprométome a gardar estrita confidencialidade sobre a información á que acceda mentres realice prácticas no IGE. En particular, comprométome a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, que regula o esquema nacional de seguridade e no resto de normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que poida coñecer ao realizar o meu traballo, e que empregarei só para o que sexa autorizado. De acceder a sistemas de información do IGE, fágome responsable dos accesos que se realicen co meu identificador de usuario persoal e comprométome a devolver calquera soporte ou medio telemático proporcionado polo IGE. Estas obrigas subsistirán logo de finalizar as prácticas.

Tamén me comprometo a cumprir as normas do IGE, as políticas de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as boas prácticas no uso dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e a restante normativa de desenvolvemento. Coñezo as obrigas impostas pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, polas que todas as persoas que interveñan nas actividades reguladas por ela están obrigadas a manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados, mesmo logo de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. O segredo estatístico inclúe datos de persoas físicas e xurídicas e ampara todos os individualizados de orde privada, persoal, familiar, económica ou financeira, usados para elaborar estatísticas. Sei que incumprir estas obrigas dará lugar a responsabilidades por danos e prexuízos, con independencia dos penais e disciplinarios que se puideran derivar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS: Os seus datos serán tratados polo IGE, na súa condición de responsable, para xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base lexitimadora é a necesidade de tratar os datos para executar o contrato suscrito coa organización e o cumprimento dunha obriga legal. Non se prevén comunicacións a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, segundo se recolle en: <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Persoa delegada de protección de datos e información adicional en: <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

Asinado, o de de